

# L.I.C. do Río Tea

## Espazo natural da Rede Natura 2000



---

DESCRICIÓN DO MEDIO E INVENTARIO BIOLÓXICO DA  
CONCA ALTA DO RÍO TEA (CONCELLO DE COVELO)

---



Redactado por:

Fernando Rodríguez Brea, David Brown  
e Fernando Malvar Cortizo

INTEGRA FUTUROS SOSTÍBEIS, S.L.

Pazos 73, Ponte Caldelas,

Pontevedra 36829

(986) 750053

[info@integra-futuros.es](mailto:info@integra-futuros.es)

CIF: B-36509362

integra   
futuros sostibeis, s.l.

# 1. INTRODUCCIÓN

---

Este estudo forma parte do proxecto de divulgación sobre o LIC (lugar de importancia comunitaria) do Río Tea, que polos seus valores naturais forma parte da Rede Natura 2000. O proxecto está coordinado polo Concello de Covelo e está financiado polo propio concello e pola Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

O LIC inclúe o leito e as ribeiras do río Tea e de varios dos seus afluentes dende o tramo alto no concello de Covelo até a súa desembocadura no río Miño, en Salvaterra de Miño. Este proxecto de divulgación (e, de feito, este estudo) refírese soamente á conca alta do Tea, concretamente á parte no municipio de Covelo.

Dados os recursos e tempo dispoñibles para realizar o proxecto, o traballo de campo foi moi limitado. A gran maioría da información incluída sobre especies provén doutros estudos xa feitos (no caso do catálogo de flora) e de observacións casuais dos diferentes científicos, naturalistas e outros axentes profesionais que coñecen e traballan na zona (no caso da fauna).

## **Agradecementos**

Margarita Belén Rubido Bará  
Adolfo Cordero Rivera  
Álvaro Moraña Fontán  
Antonio Cordeiro  
Fernando Rodríguez Brea  
José Manuel Fernández Prendes  
Santiago Barciela García

## **Citas, consultas e documentación**

- Universidade de Vigo, Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo
- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, Lugares de importancia comunitaria, Rede Natura 2000, LIC Río Tea
- Ministerio de Medio Ambiente, "Los tipos de hábitat de interés comunitario de España"

- Pedro Galán Regalado & Gustavo Fernández Arias, "Anfibios e réptiles de Galicia", Xerais
- Sociedade Galega de Historia Natural, monografías
- Asociación Naturalista "Baixo Miño" ANABAM, monografías
- Xosé Manuel Penas Patiño, Carlos Pedreira López, Carlos Silvar, "Guía das aves de Galicia", Bahía.

## 2. DESCRIPCIÓN DO MEDIO

---

### 2.1 O río Tea

Pola súa lonxitude, a súa conca e o seu caudal absoluto, o río Tea é o afluente máis importante do treito baixo do río Miño.

Nace en dous ramais, un na serra de Faro de Avión, a 940 m, e o outro recolle as súas augas a 900 m ao sur do Suído, preto do nacemento do río Avia.

O río Tea baixa encaixado drenando a serra de Faro, os montes da Graña e o Couto de Eiras e recibe pola dereita o río Alén, que nace a 800 metros, tamén no Couto de Eiras. Aínda que encaixado, o curso é moi lonxitudinal ao discorrer a favor dunha fractura N-S. Dende aquí colle dirección OSO, atraído pola fendedura do val de Mondariz, atravesado por unha gran fractura e testemuñando a súa orixe tectónica coas surxencias das augas mineromedicinais de Gándara, Troncoso e Fonte do Val. Aquí recibe a entrada do Xabriña, pola esquerda, que procede do Alto de Montouto.

Augas abaixo, o Tea xira de súpeto até o sur aproveitando unha das vellas fracturas N-S, xa percorrida polo seu afluente, o río Borbén, que o recibe pola dereita. Pasa ao carón de Pontearreas e recolle un pouco máis abaixo, pola súa esquerda, o río Uma, que nace a 800 metros de altitude, nos montes da Paradanta.

O Tea desemboca no Miño, en Salvaterra, formando un amplo val cheo de aluviós e rematado por catro terrazas fluviais, hoxe colonizadas polos cultivos da vide.

Os seus principais afluentes son o Caraño, o Alén, o Aboal, o Xabriña, o Borbén e o Uma, que discorren por un total de seis concellos: Covelo, Fornelos de Montes, Mondariz, Mondariz-Balneario, Pontearreas e Salvaterra de Miño.

### 2.2 Paisaxe

O corredor fluvial polo que esvara o río Tea alterna vales pechados e estreitos, rodeados de carballeiras novas, restrinxidas ás áreas de fondo do val. Estes bosques de carballo (*Quercus robur*) conteñen pequenas manchas de cerquiño (*Quercus pyrenaica*),

sobreira (*Quercus suber*) e érbedo (*Arbutus unedo*), especies de marcado carácter mediterráneo.

Nos treitos menos encaixados, o val rodéase de campos de cultivo de escasa extensión, praderías asolagadas, monocultivos forestais e un amplo mato baixo de toxos, breixos e carqueixas.

O bosque de ribeira, principal compoñente do LIC río Tea, está constituído por treitos bastante ben conservados de ameneiro (*Alnus glutinosa*), freixo (*Fraxinus angustifolia*), salgueiro (*Salix atrocinerea*), salgueiro cincento (*Salix salvifolia*) e carballo (*Quercus robur*).

O mosaico formado polo corredor fluvial, as ladeiras boscosas asociadas, os campos de cultivo, praderías asolagadas e matos favorece a presenza dunha fauna diversa e numerosa, a cabalo entre a agreste serra do Suído e as áreas máis humanizadas da parte media do río. Así pois, ademais das especies máis intimamente ligadas ao medio acuático, coma os peixes, anfibios ou determinadas aves, mamíferos e insectos, o catálogo da fauna complétase con aquelas outras especies, que usan as beiras do río para agocharse ou fornecerse e algunhas máis que se desenvolven nos ecosistemas, humanizados ou naturais, que usan a vía de comunicación que lles ofrece o corredor fluvial.

## 2.3 Clima

As comarcas das Rías Baixas e tramo inferior do Miño están caracterizadas por unha oscilación térmica bastante superior á doutras zonas do oeste de Galiza e por precipitacións estacionais e torrenciais. Estaríamos falando dun clima oceánico-húmido con forte tendencia á aridez estival.

A zona descrita ten unha amplitude altitudinal que abrangue dende os 83 ata os 830 msm. Isto determina tamén unha lóxica variabilidade climatolóxica, con valores medios anuais de temperatura que oscilan entre os 11 °C das zonas máis altas e os 14 °C das máis baixas (CARBALLEIRA *et al.*, 1983).

As estacións meteorolóxicas máis próximas á nosa zona de traballo están situadas en Estacas (Fornelos de Montes), Ponteareas e A Cañiza. De entre todos os datos dos que

dispoñemos, chama a atención a elevadísima pluviosidade rexistrada na zona, destacando os valores de Fornelos de Montes, cunha media anual de 2.862 mm (CARBALLEIRA *et al.*, 1983). Este dato suporía o valor medio máis alto de precipitacións de toda Galicia, unicamente superado pola Serra da Barbanza (A Coruña). Porén, se recompilamos datos dispoñibles dos últimos anos (Anuario Climatolóxico de Galicia, anos 2000, 2001, 2002 e 2003), vemos que, en todos eles, os 3.000 mm de chuvia anuais son superados nesta estación meteorolóxica e que, nos anos 2000 e 2001, incluso excederon os 4.000 mm. Estes datos convértense, con diferenza, nos máximos de precipitación de toda Galiza.

Esta abundancia de chuvias determina a existencia de numerosísimos cursos de auga e zonas empozadas, así como a presenza dun elevado número de especies ligadas a elas (Carex, Juncus, Callitriche, Ranunculus, etc.).

Tamén cómpre salientar a existencia de néboas a cotío no val do río ao longo de todo o ano. Este fenómeno é debido á inversión térmica que se produce pola irrupción de masas de aire de procedencia e características térmicas diferentes, arrastradas por sistemas de ventos que crean inestabilidade atmosférica, pero tamén favorecidas por factores topográficos como fondos de val ou depresións rodeadas por montañas que dificultan os intercambios horizontais de aire. Alí, en períodos nocturnos ou invernales con intensas perdas radioactivas superficiais, poden orixinarse capas baixas de aire frío e estable con temperatura inferior á do aire a maior altitude. Estas situacións favorecen o descenso progresivo das temperaturas mínimas e a formación de néboas ou xeadas brancas e negras, o que modifica a nivel local o clima xeral da zona.

## 2.4 Xeoloxía

A paisaxe montañosa e quebrada domina esta zona do tramo alto do río Tea, caracterizada polo predominio de rochas ígneas (neste caso, de granito non orientado de dúas micas e gran mediano). No entanto, destaca tamén a presenza de xistos metamórficos en determinadas zonas da serra do Suído, que lle dan á zona certa diversidade xeolóxica.

Os materiais xeolóxicos deron lugar a un relevo que pode resumirse como un sistema de bloques compartimentado por fallas, alternando as partes afundidas coas elevadas.

A rede fluvial, aproveitando o complexo sistema de fallas, destaca polo seu encaixamento, só roto cando a estrutura coincide con fosas de certa amplitude.

## 2.5 Hábitats

A conca do río Tea está incluída dentro da rexión Eurosiberiana, provincia cántabro-atlántica, sector galaico-portugués e subsector miñense. O elemento forestal que caracteriza esta zona é o carballo (*Quercus robur*), e dentro das carballeiras identificamos dous tipos principais de bosque climácico. O bosque colino, xeralmente debaixo dos 800m de altitude, caracterízase pola asociación *Quercus robur* – *Laurus nobilis* – *Ruscus aculeatus*, mentres que o bosque montano, enriba dos 800m, caracterízase pola asociación *Quercus robur* – *Ilex aquifolium* – *Vaccinium myrtillus*.

Actualmente as carballeiras teñen unha presenza restrinxida ás zonas do fondo do val, e aínda nestas zonas están en xeral bastante degradadas. Na grande maioría dos casos son moi novas e apenas posúen o cotexo florístico típico acompañante de plantas nemorais comúns aos bosques planocaducifolios. Isto pode ser debido tanto ao empobrecemento que supón estar sufrindo incendios de forma continuada, coma á orixe relativamente recente destas masas boscosas, froito do abandono das zonas que até hai non demasiado tempo estaban destinadas ao aproveitamento agrogandeiro.

Nas zonas máis elevadas, a degradación da vexetación climácica pasou por unha serie de marcadas etapas: de carballeira a bidueiral, a mato de toxo e ericáceas. Na actualidade están poboadas por matogueiras, constituídas principalmente por toxos, uces e carqueixas, que son capaces de sobrevivir nestes solos pouco profundos, nos que ás veces chega incluso a aflorar a rocha nai.

Nas zonas máis altas cómpre salientar, ademais, a presenza de pequenos rodais de rebolo (*Quercus pyrenaica*) de pequeno porte procedentes do rebrote de exemplares queimados, e, polo tanto, en proceso de rexeneración. A presenza desta especie é moi interesante, xa que a súa aparición responde ao territorio considerado submediterráneo no cuadrante noroccidental peninsular; é dicir, de transición entre os climas atlántico e mediterráneo (BLANCO, E. *et al.*, 1997). Un dos aspectos máis típicos desta especie é a



súa gran capacidade de rebrotar de cepa, característica que fai que poida sobrevivir tras os numerosos incendios que se rexistran nesta parte do territorio.

Nas zonas achegadas ao curso da auga podemos atopar tramos ben conservados de bosque de ribeira, formado xeralmente por ameneiros (*Alnus glutinosa*), freixos (*Fraxinus angustifolia*), salgueiros (*Salix sp.*) e carballo (*Q. robur*), acompañados polo cotexo florístico característico das beiras dos ríos, como poden ser distintas especies de fentos (*Dryopteris*, *Polystichum*, *Athyrium...*), rosáceas espiñentas (*Crataegus*, *Rubus*, *Pyrus*), gramíneas, ciperáceas, xuncos, ranunculáceas, etc. Moitas destas especies ribeirás son capaces de soportar a inmersión temporal ou permanente das súas raíces e da parte baixa do tronco. Noutras, son a rapidez do crecemento e a súa capacidade de rexeneración vexetativa as que lles permiten sobrevivir ás modificacións que adoitan producirse na morfoloxía das beiras do río.

Esta vexetación de ribeira, que vai ó longo da canle como un corredor, realiza multitude de funcións, destacando a estabilización dos terreos, o control das crecidas ao retardar a velocidade da auga, a mellora da calidade da auga (filtro verde), o sombreado do leito... Pero o seu estado de conservación non é sempre o ideal, tal e como podemos observar nos tramos máis baixos do río, onde a colonización das marxes pola agricultura ou urbanización desta desfixo a rica vexetación natural orixinal.

Finalmente, é importante facer mención ás turbeiras e formacións de mato higrófilo dos planaltos das serras. Estes humidais quedan fora dos límites actuais do L.I.C. do río Tea, pero a súa presenza é relevante a este estudo por dúas razóns principais. Por unha banda, a súa ausencia da Rede Natura 2000, que non diminúe a súa importancia como hábitats a nivel galego e europeo, sobre todo considerando a tremenda perda de turbeiras e outros humidais nas últimas décadas. Por outra banda a súa presenza na alta conca do Tea é importante pola retención de auga ao longo do ano e o efecto amortiguador que isto supón para o caudal do río e dos seus afluentes.

## 3. INVENTARIO DE ESPECIES

---

### 3.1 Flora

O presente inventario da flora da parte alta do río Tea foi recompilado tras dous anos de mostraxes e pertence a tese de licenciatura de **Margarita Belén Rubido Bará**.

#### 3.1.1 Especies máis relevantes

##### ENDEMISMOS EXCLUSIVOS DO NW PENINSULAR

*Anemone trifolia* (L.) subsp. *albida*

*Blechnum spicant* (L.) Roth subsp. *spicant* var. *homophyllum*

*Ulex gallii* (Planch.) subsp. *breoganii*

##### CITAS DE INTERESE

Constitúen a 1ª cita provincial:

*Dryopteris affinis* subsp. *borreri*

*Coincya monensis cheiranthos*

*Prunus laurocerasus*

*Sesamoides purpurascens*

Constitúen a 2ª cita provincial:

*Dryopteris aemula*

*Dryopteris expansa*

*Ulmus glabra*

Constitúen a 3ª cita provincial:

*Dryopteris carthusiana*

*Lastrea limbosperma*

*Cerastium fontanum* subsp. *vulgare*

*Conopodium subcarneum*

*Pterospartum tridentatum* subsp. *tridentatum*

*Stellaria graminea*

## ESPECIES CON NECESIDADES ESPECIAIS DE CONSERVACIÓN

### *Dryopteris guanchica*.

Especie incluída dentro do "Atlas y Libro Rojo de la Flora Vasculare Amenazada de España" coa categoría de Vulnerable.

### *Narcissus cyclamineus*.

Especie incluída dentro do "Atlas y Libro Rojo de la Flora Vasculare Amenazada de España" coa categoría de "Datos Insuficientes" (é dicir, que aínda non se dispón de información suficiente para avaliar o seu estado de conservación). Incluída tamén na Directiva 92/43/CEE (relativa á Conservación dos Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres) dentro do Anexo II das Especies de Interese Comunitario para cuxa Conservación é necesario designar Zonas Especiais de Conservación.

### *Woodwardia radicans*.

Especie incluída no Anexo II da Directiva 92/43/CEE.

### 3.1.2 Catálogo de especies de flora

Identificáronse un total de 357 especies na conca alta do río Tea :

333 **Spermatophyta** incluídas en 65 familias e 24 **Pteridophyta** incluídas en 9 familias.

*Acacia dealbata* Link

*Acacia melanoxylon* R. Br.

*Acer pseudoplatanus* L.

*Achillea millefolium* L. subsp.  
*millefolium*

*Adenocarpus complicatus* (L.) Gay  
subsp. *complicatus*

*Agrostis capillaris* L.

*Agrostis castellana* Boiss. & Reuter

*Agrostis curtisii* Kerguélen

*Agrostis delicatula* Pourret ex Lapeyr.

*Agrostis durieui* Boiss. & Reuter ex  
Willk.

*Agrostis stolonifera* L.

*Ailanthus altissima* (Mill.) Swingle

*Ajuga reptans* L.

*Alnus glutinosa* (L.) Gaertner

*Anagallis arvensis* L.

- Anagallis tenella* (L.) L.
- Anarrhinum bellidifolium* (L.) Willd.
- Andryala integrifolia* L.
- Anemone nemorosa* L. var. *hirsuta*  
Willkomm
- Anemone trifolia* L. subsp. *albida*  
(Mariz) Ulbr.
- Angelica sylvestris* L.
- Anogramma leptophylla* (L.) Link
- Anthemis arvensis* L.
- Anthoxanthum aristatum* Boiss.  
subsp. *aristatum*
- Anthoxanthum odoratum* L.
- Apium nodiflorum* (L.) Lag.
- Aquilegia vulgaris* L. subsp. *dichroa*  
(Freyn) T.E. Díaz
- Arenaria montana* L. subsp.  
*montana*
- Arnica montana* L. subsp. *atlantica*  
A. Bolós
- Arum italicum* Miller subsp. *italicum*
- Arundo donax* L.
- Asphodelus albus* Miller subsp. *albus*
- Asplenium billotii* F.W. Schultz
- Asplenium onopteris* L.
- Asplenium trichomanes* L. subsp.  
*trichomanes*
- Athyrium filix-femina* (L.) Roth
- Avenula marginata* (Lowe) J. Holub  
subsp. *sulcata* (Gay ex Delastre)  
Franco
- Bambusa glaucescens* (Willdenow)  
Holttum
- Betula alba* L.
- Blechnum spicant* (L.) Roth subsp.  
*spicant* var. *spicant*
- Blechnum spicant* (L.) Roth subsp.  
*spicant* var. *homophyllum* Merino ex  
Christ
- Brachypodium pinnatum* (L.) Beauv.  
subsp. *pinnatum*
- Briza maxima* L.
- Briza minor* L.
- Bromus diandrus* Roth
- Bromus hordeaceus* L. subsp.  
*hordeaceus*
- Bryonia dioica* Jacq.
- Calystegia sepium* (L.) R. Br. subsp.  
*sepium*
- Callitriche lusitanica* Schotsman
- Callitriche stagnalis* Scop.
- Calluna vulgaris* (L.) Hull. var. *hirsuta*  
(Gray)
- Campanula lusitanica* L. subsp.  
*lusitanica*
- Campanula rapunculus* L.
- Capsella bursa-pastoris* (L.) Medik.
- Cardamine hirsuta* L.
- Carduus carpetanus* Boiss. & Reuter
- Carex binervis* Sm.
- Carex distans* L.
- Carex echinata* Murray

- Carex extensa* Good.
- Carex laevigata* Sm.
- Carex muricata* L. subsp.  
*lamprocarpa* Éelak.
- Carex nigra* (L.) Reichard
- Carex ovalis* Good.
- Carex pilulifera* L. subsp. *pilulifera*
- Carum verticillatum* (L.) W.D.J. Koch.
- Castanea sativa* Miller
- Centaurea nigra* subsp. *rivularis*  
(Brot.) Coutinho
- Centaurea paniculata* L.
- Cerastium fontanum* Baumg. subsp.  
*vulgare* (Hartman) Greuter & Burdet
- Cerastium glomeratum* Thuill.
- Ceratocarpus claviculata* (L.) Lidén
- Circaea lutetiana* L. subsp. *lutetiana*.
- Cirsium filipendulum* Lange  
*Cirsium palustre* (L.) Scop.
- Cistus psilosepalus* Sweet
- Clinopodium vulgare* L. subsp.  
*vulgare*
- Coincya monensis* (L.) Greuter &  
Burdet subsp. *cheiranthos* (Vill.)  
Aedo, Leadlay & Muñoz Garm.
- Coleostephus myconis* (L.) Reichenb.  
fil.
- Conopodium subcarneum* (Boiss. &  
Reut.) Boiss. & Reut.
- Conyza bonariensis* (L.) Cronq.
- Conyza canadensis* (L.) Cronq.
- Corrigiola litoralis* L. subsp. *litoralis*
- Corylus avellana* L.
- Crataegus monogyna* Jacq.
- Crepis capillaris* (L.) Wallr.
- Crepis lamsanoides* (Gouan)  
Tausch
- Crocus carpetanus* Boiss. & Reuter
- Crocus serotinus* Salisb. subsp.  
*salzmännii* (Gay) Mathew
- Cuscuta epithymum* (L.) L. subsp.  
*epithymum*
- Cyperus eragrostis* Lam.
- Cyperus longus* L.
- Cytisus multiflorus* (L' Hér.) Sweet
- Cytisus scoparius* (L.) Link subsp.  
*scoparius*
- Cytisus striatus* (Hill) Rothm.
- Chaerophyllum temulum* L.
- Chamaemelum mixtum* (L.) All.
- Chamaemelum nobile* (L.) All.
- Chelidonium majus* L.
- Chrysosplenium oppositifolium* L.
- Daboecia cantabrica* (Huds.) K.  
Koch
- Dactylis glomerata* L.
- Danthonia decumbens* (L.) DC.
- Datura stramonium* L.
- Daucus carota* L. subsp. *carota*
- Davallia canariensis* (L.) Sm.

- Deschampsia cespitosa* (L.) Beauv.  
subsp. *cespitosa*
- Digitalis purpurea* L.
- Digitaria debilis* (Desf.) Willd.
- Dryopteris aemula* (Aiton) O. Kuntze
- Dryopteris affinis* (Lowe) Fraser-Jenkins subsp. *affinis*
- Dryopteris affinis* (Lowe) Fraser-Jenkins subsp. *borreri* (Newman) Fraser-Jenkins
- Dryopteris carthusiana* (Vill.) H.P. Fuchs
- Dryopteris dilatata* (Hoffm.) A. Gray
- Dryopteris expansa* (K. Presl.) Fraser-Jenkins & Jermy
- Dryopteris filix-mas* (L.) Schott
- Dryopteris guanchica* Gibby & Jermy
- Echium lusitanicum* L. subsp. *lusitanicum*
- Echium rosulatum* Lange
- Echium vulgare* L.
- Epilobium lanceolatum* Sebast. & Mauri
- Epilobium tetragonum* L. subsp. *tetragonum*
- Erica arborea* L.
- Erica australis* L.
- Erica ciliaris* Loeff. ex L.
- Erica cinerea* L.
- Erica tetralix* L.
- Erica umbellata* Loeffl. ex L.
- Erodium cicutarium* (L.) L`Hér. subsp. *cutarium*
- Erythronium dens-canis* L.
- Eucalyptus globulus* Labill. subsp. *globulus*
- Eupatorium cannabinum* L.
- Euphorbia amygdaloides* L. subsp. *amygdaloides*
- Euphorbia dulcis* L.
- Euphorbia esula* L. subsp. *esula*
- Festuca rubra* L. subsp. *rubra*
- Foeniculum vulgare* Mill.
- Fragaria vesca* L. subsp. *vesca*
- Frangula alnus* Miller
- Fraxinus angustifolia* Vahl subsp. *angustifolia*
- Fumaria muralis* Sonder ex Koch
- Galinsoga parviflora* Cav.
- Galium broterianum* Boiss. & Reuter
- Galium helodes* Hoffmanns. & Link
- Galium mollugo* L.
- Galium palustre* L.
- Galium saxatile* L.
- Gamochaeta purpurea* (L.) Cabrera
- Genista florida* L.
- Geranium columbinum* L.
- Geranium molle* L.
- Geranium robertianum* L.

- Gladiolus illyricus* Koch subsp. *illyricus*
- Halimium lasianthum* (Lam.) Spach subsp. *alyssoides* (Lam.) Greuter
- Hedera hibernica* (G. Kirchn.) Bean
- Helichrysum foetidum* (L.) Cass.
- Heracleum sphondylium* L.
- Hirschfeldia incana* (L.) Lagr.-Foss.
- Holcus mollis* L.
- Hyacinthoides non-scripta* (L.) Chouard ex Rothm
- Hypericum androsaemum* L.
- Hypericum humifusum* L.
- Hypericum linariifolium* Vahl
- Hypericum perforatum* L subsp. *perforatum*
- Hypericum pulchrum* L.
- Hypericum undulatum* Schousb. ex Willd.
- Hypochoeris glabra* L.
- Hypochoeris radicata* L.
- Ilex aquifolium* L.
- Illecebrum verticillatum* L.
- Jasione montana* L.
- Juncus articulatus* L.
- Juncus bufonius* L.
- Juncus bulbosus* L.
- Juncus capitatus* Weigel.
- Juncus effusus* L.
- Juncus tenageia* L. fil.
- Juncus tenuis* Willd.
- Lactuca virosa* L.
- Lamium maculatum* L.
- Lastrea limbosperma* (All.) J. Holub & Pouzar
- Laurus nobilis* L.
- Leontodon taraxacoides* (Vill.) Mérat subsp. *taraxacoides*
- Leucanthemum vulgare* Lam.
- Linaria saxatilis* (L.) Chaz.
- Linum bienne* Miller
- Lithodora prostrata* (Loisel.) Griseb. subsp. *prostrata*
- Lobelia urens* L.
- Logfia gallica* (L.) Cosson & Germ.
- Logfia minima* (Sm.) Dumort.
- Lonicera periclymenum* L.
- Lotus corniculatus* L.
- Lotus hispidus* Desf. ex DC.
- Lotus pedunculatus* Cav.
- Luzula campestris* (L.) DC.
- Luzula forsteri* (Sm.) DC.
- Luzula multiflora* (Retz.) Lej. subsp. *multiflora*
- Luzula sylvatica* (Hudson) Gaudin subsp. *henriquesii* (Degen) P. Silva
- Lycopus europaeus* L.
- Lysimachia nemorum* L.

- Lythrum junceum* Banks & Sol.
- Lythrum portula* (L.) D.A. Webb
- Malva tournefortiana* L.
- Melampyrum pratense* L.
- Mentha aquatica* L.
- Mentha pulegium* L.
- Mentha suaveolens* Ehrh.
- Merendera pyrenaica* (Pourret) P. Fourn.
- Molineriella laevis* (Brot.) Rouy
- Molinia caerulea* (L.) Moench subsp. *caerulea*
- Myosotis discolor* Pers. subsp. *discolor*
- Myosotis ramosissima* Rochel
- Myosotis secunda* A. Murray
- Myosotis stolonifera* (DC.) Gay ex Leresche & Levier
- Myosotis welwitschii* Boiss. & Reuter
- Narcissus bulbocodium* L. subsp. *bulbocodium*
- Narcissus cyclamineus* DC.
- Narcissus triandrus* L. subsp. *triandrus*
- Oenanthe crocata* L.
- Omphalodes nitida* Hoffmanns. & Link
- Origanum virens* Hoffmanns. & Link
- Ornithogalum unifolium* (L.) Ker-Gawler
- Ornithopus compressus* L.
- Ornithopus perpusillus* L.
- Orobanche rapum-genistae* Thuill.
- Osmunda regalis* L.
- Parentucellia viscosa* (L.) Caruel
- Parietaria judaica* L.
- Pedicularis sylvatica* L. subsp. *lusitanica* (Hoffmanns. & Link) Cout.
- Pentaglottis sempervirens* (L.) Tausch ex L.H. Bailey
- Petrorhagia nanteuilii* (Burnat) P.W. Ball & Heywood
- Peucedanum lancifolium* Hoffmanns. & Link ex Lange
- Phyllitis scolopendrium* (L.) Newman subsp. *scolopendrium*
- Physospermum cornubiense* (L.) DC.
- Phytolacca americana* L.
- Picris hieracioides* L.
- Pinus pinaster* Aiton
- Pinus radiata* D. Don
- Plantago coronopus* L. subsp. *coronopus*
- Plantago lanceolata* L.
- Plantago major* L.
- Platanus hispanica* Miller ex Münchh.
- Poa annua* L.
- Polygala serpyllifolia* J.A.C. Hose.
- Polygala vulgaris* L.
- Polygonum aviculare* L.



- Polygonum capitatum* Buch.-Hamilton ex D. Don
- Polygonum hydropiper* L.
- Polygonum persicaria* L.
- Polypodium interjectum* Shivas
- Polypodium vulgare* L.
- Polystichum setiferum* (Forsskål) Woynar
- Portulaca oleracea* L. subsp. *oleracea*
- Potentilla erecta* (L.) Raeusch.
- Primula acaulis* (L.) L. subsp. *acaulis*
- Prunella vulgaris* L.
- Prunus laurocerasus* L.
- Pseudotsuga menziesii* (Mirbel) Franco
- Pteridium aquilinum* (L.) Kuhn subsp. *aquilinum*
- Pterospartum tridentatum* (L.) Willk. subsp. *tridentatum*
- Pyrus cordata* Desv.
- Quercus pyrenaica* Willd.
- Quercus robur* L.
- Quercus rubra* L.
- Quercus suber* L.
- Ranunculus bulbosus* L. subsp. *aleae* (Willk.) Rouy & Fouc.
- Ranunculus ficaria* L. subsp. *ficaria*
- Ranunculus flammula* L.
- Ranunculus ololeucos* Lloyd var. *ololeucos*
- Ranunculus omiophyllus* Ten.
- Ranunculus repens* L.
- Raphanus raphanistrum* L. subsp. *landra* (Moretti ex DC.) Bonnier & Layens
- Reseda media* Lag.
- Robinia pseudoacacia* L.
- Romulea bulbocodium* (L.) Sebastiani & Mauri
- Rosa canina* L.
- Rubus sampaioanus* Sudre ex Samp.
- Rubus ulmifolius* Schott
- Rumex acetosa* L. subsp. *acetosa*
- Rumex acetosella* L. subsp. *angiocarpus* (Murb.) Murb.
- Rumex obtusifolius* L.
- Rumex pulcher* L.
- Ruscus aculeatus* L.
- Salix atrocinerea* Brot.
- Salix salviifolia* Brot.
- Salix viminalis* L.
- Sambucus nigra* L.
- Saxifraga clusii* Gouan subsp. *lepismigena* (Planellas) D.A. Webb
- Saxifraga granulata* L.
- Saxifraga spathularis* Brot.
- Scrophularia auriculata* L.
- Scrophularia scorodonia* L.

|  |   |
|--|---|
| <i>Scutellaria minor</i> Hudson  | <i>Solidago virgaurea</i> L.  |
| <i>Sedum album</i> L.  | <i>Sonchus asper</i> (L.) Hill  |
| <i>Sedum anglicum</i> Huds.  | <i>Sonchus tenerrimus</i> L.  |
| <i>Sedum arenarium</i> Brot.   | <i>Spergula arvensis</i> L.   |
| <i>Sedum brevifolium</i> DC.   | <i>Spergularia purpurea</i> (Pers.) G. Don<br>fil.  |
| <i>Sedum hirsutum</i> All.   | <i>Spiraea hypericifolia</i> L. subsp.<br><i>obovata</i> (Waldst. & Kit. ex Willd.) H.<br>Huber |
| <i>Senecio jacobaea</i> L.   | <i>Stellaria graminea</i> L.  |
| <i>Senecio lividus</i> L.  | <i>Stellaria holostea</i> L.  |
| <i>Senecio vulgaris</i> L.   | <i>Stellaria media</i> (L.) Vill.   |
| <i>Serapias lingua</i> L.  | <i>Tamus communis</i> L.  |
| <i>Sesamoides purpurascens</i> (L.) G.<br>López  | <i>Tanacetum parthenium</i> (L.) Schultz<br>Bip.  |
| <i>Sesamoides suffruticosa</i> (Lange)<br>Kuntze                                       | <i>Teesdalia nudicaulis</i> (L.) R.Br.  |
| <i>Setaria pumila</i> (Poir.) Schultes   | <i>Teucrium scorodonia</i> L.   |
| <i>Sherardia arvensis</i> L.   | <i>Thymus caespititius</i> Brot.  |
| <i>Silene gallica</i> L.   | <i>Tolpis barbata</i> (L.) Gaertner   |
| <i>Silene latifolia</i> Poir.  | <i>Tradescantia fluminensis</i> Velloso   |
| <i>Silene nutans</i> L. subsp. <i>nutans</i>   | <i>Trifolium cernuum</i> Brot.  |
| <i>Silene scabriflora</i> Brot. subsp<br><i>scabriflora</i>                            | <i>Trifolium dubium</i> Sibth.  |
| <i>Silene vulgaris</i> (Moench) Garcke<br>subsp. <i>vulgaris</i>                       | <i>Trifolium glomeratum</i> L.  |
| <i>Simethis planifolia</i> (L.) Gren.  | <i>Trifolium pratense</i> L. subsp. <i>pratense</i>   |
| <i>Sisymbrium austriacum</i> Jacq. subsp.<br><i>chrysanthum</i> (Jord.) Rouy & Foucaud | <i>Trifolium repens</i> L.  |
| <i>Sisymbrium officinale</i> (L.) Scop.  | <i>Trisetum flavescens</i> (L.) Beauv.<br>subsp. <i>flavescens</i>                              |
| <i>Solanum dulcamara</i> L.  | <i>Ulex europaeus</i> L. subsp. <i>europaeus</i>  |
| <i>Solanum nigrum</i> L.   |   |

*Ulex gallii* Planch. subsp. ***breoganii***  
(Castrov. & Valdés Berm.) Rivas  
Mart. & al

*Ulex minor* Roth.

*Ulmus glabra* Huds.

*Ulmus minor* Mill.

*Umbilicus rupestris* (Salisb.) Dandy

*Urtica dioica* L.

*Vaccinium myrtillus* L.

*Verbascum thapsus* L. subsp. ***thapsus***

*Verbena officinalis* L.

*Veronica officinalis* L.

*Veronica serpyllifolia* L. subsp.  
***serpyllifolia***

*Vicia angustifolia* L.

*Viola lactea* Sm.

*Viola palustris* L. subsp. ***palustris***

*Viola riviniana* Rchb.

*Wahlenbergia hederaceae* (L.) Rchb.

*Woodwardia radicans* (L.) Sm.

*Xolantha guttata* (L.) Raf.

## 3.2 Fauna

A presente lista da fauna non pertencen a un estudo de campo con metodoloxía científica, pero todas as citas que se dan están confirmadas por científicos, naturalistas e outros axentes profesionais que coñecen e traballan na zona, de observacións realizadas durante o período 2004-07.

### 3.2.1 Mamíferos

*Canis lupus*

*Capreolus capreolus*

*Lutra lutra*

*Galemys pirennaicus*

*Neomys fodiens*

*Meles meles*

*Erinaceus europaeus*

*Oryctolagus cuniculus*

*Sciurus vulgaris*

*Arvicola sapidus*

*Apodemus sylvaticus*

*Rattus rattus*

*Genetta genetta*

*Vulpes vulpes*

*Sus scrofa*

*Martes foina*

*Mustela nivalis*

*Martes martes*

*Felis silvestris*

*Myotis myotis*

*Pipistrellus pipistrellus*

*Rhinolophus ferrumequinum*

### 3.2.2 Aves

*Alcedo atthis*

*Cinclus cinclus*  
*Ardea cinerea*  
*Buteo buteo*  
*Motacilla alba*  
*Motacilla cinerea*  
*Erithacus rubecula*  
*Turdus merula*  
*Parus ater*  
*Parus caeruleus*  
*Parus major*  
*Pica pica*  
*Corvus coroe*  
*Carduelis chloris*  
*Strix aluco*  
*Accipiter gentiles*  
*Accipiter nisus*  
*Oriolus oriolus*  
*Garrulus glandarius*  
*Dendrocopus major*  
*Picus viridis*  
*Fringilla coelebs*  
*Carduelis spinus*  
*Serinus serinus*  
*Pyrrhula pyrrhula*  
*Otus scops*  
*Sturnus unicolor*  
*Sturnus vulgaris*  
*Anas platyrhynchos*  
*Troglodytes troglodytes*  
*Prunella modularis*  
*Turdus philomelos*  
*Silvia atricapilla*  
*Cettia cetti*  
*Phylloscopus ibericus*  
*Phylloscopus collybita*

*Regulus regulus*

*Certhia brachydactyla*

*Aeghitalus caudatus*

*Ficedula hypoleuca*

*Upupa epops*

### 3.2.3 Reptiles

*Lacerta schreiberi*

*Podarcis bocagei*

*Chalcides chalcides*

*Anguis fragilis*

*Natrix natrix*

*Natrix maura*

*Vípera seoanei*

### 3.2.4 Anfibios

*Chioglossa lusitanica*

*Discoglossus galganoi*

*Alytes obstetricans*

*Triturus boscai*

*Triturus helveticus*

*Triturus marmoratus*

*Salamandra salamandra*

*Rana perezi*

*Rana ibérica*

*Hyla arbórea*

*Bufo bufo*

### 3.2.5 Peixes

*Salmo salar*

*Salmo trutta fario*

*Salmo trutta trutta*

*Anguilla anguilla*

*Rutilus arcasii*

*Chondrostoma duriense*

*Squalius carolitertii*

*Petromyzon marinus*

### **3.2.6 Invertebrados**

Dada a gran cantidade de invertebrados só citaremos algúns endemismos e especies de especial interese de confirmada existencia no espazo do estudo:

*Anodonta cygnea*

*Macromia splendens*

*Calopteryx virgo*

*Gomphus graslinii*.

*Boyeria irene*

*Lucanus cervus*

*Corymbia fontenayi*

*Oxygastra curtisi*